



Manuel Gago: "Heroes non temos, pero mártires, unha chea deles. E iso é interesante, porque o mártir é un axente pasivo"

[Montse Dopico](#) 10 de agosto de 2018

<https://praza.gal/cultura/manuel-gago-heroes-non-temos-pero-martires-unha-cha-deles-e-iso-e-interesante-porque-o-martir-e-un-axente-pasivo>

Hai na nova novela de Manuel Gago, *O exército do fume*, (Xerais), coma el mesmo explica, nazis, espías, combates no mar, aéreos, sabotaxes, execucións, asasinatos, amor, odio, traizóns e bastante acción. Mais por detrás de todo isto abrolla a realidade de resistencia do rural galego dos anos 40. A historia da guerrilla e dun pobo que, co seu apoio, a fixo posible. O relato posible dun xeito, quizais, de ser heroes. O autor respondeu por correo electrónico as nosas preguntas sobre este libro.

Un país sempre ten heroes, dille na novela unha nena ao pintor do mar, que previamente afirmara que en Galicia non temos heroes. En que sentido é esta novela unha reivindicación dos "heroes" galegos que non foron reis, nobres, altos xerarcas da Igrexa, etc? Por que reivindicalos como heroes, é dicir, por que cres que Galicia precisa, dalgunha maneira, heroes? (Se o cres...)

Estes días fun xurado dun concurso escolar de redaccións sobre Galicia. Chamoume a atención da visión que os escolares tiñan sobre o país: basicamente unha paisaxe bonita, uns pratos de comida, as festas da vila e algún monumento. Non existía pasado! Galicia é un país sen pasado para os nenos e, polo tanto, sen figuras do pasado. Iso tamén significa que é unha identidade complementaria, secundaria fronte a outra ou outras, nas que si que existen relatos do pasado.

Hoxe sabemos ben o que son. Os heroes non son persoas, figuras históricas totalmente reais. En realidade son personaxes, identidades construídas por poderes, por grupos. Son espazos negociados de representación. E en países cunha forte tensión identitaria, os heroes adoitan ser conflictivos. Sabemos que algo raro pasa cando visitamos calquera país europeo (desde Francia a Escocia, ou desde Irlanda a Italia), atopamos unha serie de figuras que dalgún xeito personalizan historias e valores. Na nosa estatuaría pública, por exemplo, non atopamos esas figuras. Nós pasamos dos próceres caciques do XIX a figuras da cultura e, sobre todo desde os 80, a

representacións icónicas do “Pobo” (o emigrante, o mariñeiro, a leiteira) que, ao non ser individuais, ao representar a un colectivo, deixan contento todo o mundo (e non crean conflito).

Unha cuestión interesante da Historia galega ao longo do tempo é a incapacidade do liderado, do consenso ante unha figura individual. E iso plásmase tamén na creación de imaxinarios, como son os heroes, que se forxan nas lendas, nas novelas, no cine ou nos cantares. En Galicia non hai, que eu saiba, nin un só heroe. Nin sequera reis, nin bispos, nin poderosos. A cuestión é por que non cremos nesas figuras. Témoslles medo? Témoslle desconfianza? Ou temos medo do conflito que traen os heroes con eles? O galeguismo de finais do XIX e principios do XX tentou crear algúns heroes como Breogán ou Pardo de Cela. Pero non hai máis que botar unha ollada ás traxectorias fallidas deses mitos na literatura ou no audiovisual galego das últimas catro décadas (practicamente ausentes) para decatarnos de que pasa algo raro con todo isto.

Os maquis da II Guerra Mundial son heroes en todos os países nos que se conseguiu vencer a Hitler; están presentes nos espazos públicos. Figuras construídas que contan un relato sobre o que un colectivo quere parecer, ou quere chegar a ser. E eses maquis son exactamente o mesmo tipo de xente que se organizou aquí no monte para resistir e combater. A diferenza principal está en que a guerrilla galega perdeu, e sobre eles o franquismo teceu infundios e tentou masacrar a súa memoria. Que, de algún xeito, hoxe en día aceptemos aínda que sexa de maneira inconsciente esa versión é algo sorprendente, significa que o vencedor está dentro de nós.

A cousa revélase aínda máis cando observamos a querenza da nosa cultura polos mártires. Porque heroes non temos, pero mártires, unha chea deles. E iso é interesante, porque o mártir é un axente pasivo, alguén que ten unha causa xusta e unha morte inxusta, unha vida truncada. Sobre iso é ben doado establecer un consenso. É sorprendente como no país -no que o catolicismo segue a ter un peso intelectual brutal, aínda que non o recoñecemos- sempre resultou máis comfortable a idea do martirio que a dun heroe que loita, que pode vencer ou caer, pero que é un emblema e un modelo. Os mártires son importantes. Pero a pregunta é onde están os heroes do noso imaxinario. Son cuestións bastante perturbadoras para min, cuestións que abordan aspectos un tanto escuro da nosa identidade.

En relación co anterior, di tamén o narrador que os libros dirían que Galicia sería a primeira en caer nas mans do fascismo, esquecendo que seguía a ser zona de guerra, debido á presenza da guerrilla. Carlos Reigosa foi un dos primeiros autores, hai xa anos, en levar á literatura a guerrilla antifranquista galega. Seguimos a ter, se cadra, unha certa necesidade de sacudirmos esa imaxe da "Galicia leal", malia todo o avanzado en recuperación da memoria histórica? Que papel xoga aí a guerrilla?

Sen dúbida ningunha. Creo que o proceso de recuperación da memoria histórica aínda a penas comezou. Houbo un inxente proceso de investigación documental, de análise histórica, que non creo que teña rematado; houbo tamén iniciativas de posta a disposición deses materiais a nivel público, está habendo estas tan importantes exhumacións, homenaxes. Falamos dun grupo non moi numeroso, pero moi dinámico, que leva traballando todos estes anos pola recuperación da memoria deste xente.

Pero creo que agora chega tamén un traballo moi complexo e difícil, sobre todo porque é máis indeterminado. Débese traballar aínda máis en facer chegar esta información a un público máis amplo do país, que é refractario a estes relatos e discursos, e iso pódoo demostrar con datos porque coñezo ben as estatísticas dos textos xornalísticos sobre memoria histórica en varios medios dixitais especializados do país. Mesmo o público interesado en cuestións de cultura e sociedade foxe destes contidos. Algo pasa.

Vou poñer unha anécdota. No meu blog Capítulo Cero hai veces que non publico a localización dalgúns espazos arqueolóxicos que poden ser vulnerables para evitar visitas masivas, pero ofrezco a posibilidade de remitir as coordenadas por correo electrónico para visitas privadas e en pequeno número. Esta técnica funciona moi ben. Se falo de castelos, de castros ou doutro tipo de espazos, adoito recibir numerosas peticións. Un día escribín sobre Cal do Barqueiro, unha das últimas bases guerrilleiras, aínda oculta nun fermosísimo canón dun afluente do Eume. A base, na que se distinguen as cabanas da guerrilla, está ao carón dunha fervenza, e hai que chegar a ela, pura aventura, descolgándose por unha corda. Pois ben, non recibín unha soa petición de ninguén para que lle pasase as coordenadas. Estou convencido de que se tivese cambiado o termo “base guerrilleira” por “mosteiro perdido” andaría respondendo correos todos os días. E estamos falando dunha auténtica xoia do patrimonio cultural e da historia deste país, que debe figurar con urxencia no inventario do patrimonio cultural de Galicia.

Que podemos facer? Como podemos levar a historia da resistencia a moita máis xente? Máis alá das utopías, coido que hai que soñar con iso. Creo que agora hai unha desafiante fase de novas narrativas que poden contribuír a espallar este coñecemento. Un exemplo poden ser as iniciativas da arqueoloxía da guerrilla, como a de Repil, na Pobra do Brollón, ou a interesantísima iniciativa arqueolóxica Sputnik Labrego, que acaba de intervir nos chozos da guerrilla de Casaio, que combinan o rigor e a disciplina científica co retrato e o día a día da resistencia.

Creo que a guerrilla, pola súa historia, pola súa vontade de ser, de non renderse, polo impacto impresionante que deixou na memoria da tradición oral, é un relato cun potencial enorme para chegar ao público. Algo está cambiando. O outro día, na homenaxe nacional a Gardarríos, en Mondoñedo, había 250 persoas. E na entrega dos catro guerrilleiros do val do Dubra pasou o mesmo, outro salón de actos cheo. Se cadra agora é o momento ou comeza a selo, para comezar a valorar o que estas xentes fixeron.

A que te refires cando falas de partidización da nosa cultura en relación coa memoria da guerrilla? Lembro que, co Ano da Memoria, cando se comeza a falar máis deste tema, si se reivindicaba a guerrilleiros de distintas ideoloxías. Aínda que si se distinga unha primeira etapa máis pluripartidista e unha segunda máis baixo control do PC.

A guerrilla é o terceiro vector dun proceso moi longo que ten que ver co que pasou na Guerra Civil, onde a xente do bando republicano só tiña tres opcións: a) fuxir ao exilio, b) adaptarse aquí dentro á nova situación -coa multitude de respostas posibles, incluída a de agacharse no monte na espera de tempos mellores-, c) coller un fusil e resistir activamente. Se te fixas, desde a chegada da democracia, asistimos a procesos consecutivos de restauración da memoria, que se van sucedendo e solapando. En primeiro lugar, abórdouse a memoria dos exiliados e represaliados políticos e intelectuais, individuos que caeron ou tiveron que fuxir durante o conflito, a maior parte singularidades intelectuais da clase media e burguesa da época.

A partir do cambio de milenio comezouse a prestar máis atención ás vítimas da represión -os mortos das gabias, etc-, nun proceso que aínda segue. Aí xa aparecen máis nidamente as vítimas de clase baixa, das clases populares. E se cadra agora é o terceiro tempo, o da guerrilla, unha memoria tamén popular, pero máis problemática, máis conflitiva, porque non os podemos entender no mesmo xeito que os represaliados e os asasinados nas gabias. A opción da guerrilla foi manter a guerra a pesar da derrota, e unha guerra sabemos ben o que é.

Incluía moitas cousas que só teñen sentido no contexto da propia guerra, que é difícil ver desde fóra, ou desde hoxe. Os propios guerrilleiros falaban da súa sorpresa, cando chegaron do exilio, ao ver que non lle interesaban a ninguén, que non estaban incorporados aos procesos da

transición, mesmo desde o Partido Comunista. Estaban fóra do futuro. En Galicia, adicionalmente, houbo outro factor, que é a cuestión nacional, que nos axuda a entender isto. O tratamento da guerrilla por parte das elites culturais sería o mesmo se esta tivera sido claramente de adscrición nacionalista, cousa que non foi? A min non me cabe dúbida.

Durante a construción da autonomía, cada unha das opcións políticas do país con certa forza e presenza parlamentaria buscou os seus referentes no pasado, como un xeito de construír o seu propio discurso. Está claro que a guerrilla non estivo aí, a pesar de que foron os que aguantaron en campo máis tempo. Parte da cousa e que as súas posicións políticas era dificilmente traducible á Galicia actual. Agora, efectivamente, as cousas están cambiando. As adscricións políticas específicas, as siglas, xa non son tan relevantes e o discurso constrúese a partir da defensa dos valores republicanos. En parte porque a competencia nese ámbito político xa é menor, máis líquida. E ten que ver con ese terceiro tempo da restauración da memoria do que falaba.

Que ten o personaxe de Camilo de Gómez Gaioso? Hai outros personaxes que son reais (Curuxás, por exemplo, ou obviamente Churchill) e supoño que outros totalmente inventados, outros baseados nalgún real (Charo pode ser Chelo) e outros que xuntarán trazos de varias persoas reais. É claro que mestura realidade e ficción mais, como foi o proceso de documentación? Que fontes usaches? (Igal mesmo algunha conversa con algún " guerrilheiro de chaira" vivo...)

O proceso de construción dos personaxes foi complexo. En liñas xerais, os protagonistas -agás o pintor- son personaxes de ficción, pero todos eles están construídos a partir de figuras reais, ou a partir do folclore vinculado a estas figuras. E isto é importante porque eu recalco moito que este libro é unha novela de ficción, pero baixo a ficción están agachadas capas de historia, pero tamén de lenda, de folclore e de imaxinario; a cantidade de cada un destes ingredientes é variable segundo a personaxe. Son portas para o lector curioso, pero non trampas para a quen simplemente lle interese gozar dunha novela.

No caso das personaxes reais fun máis ou menos coidadoso na procura dos espazos no que encravalos, e recoñezo que un dos aspectos máis gozosos da novela foi traballar a figuras como Winston Churchill, Samuel Hoare, Curuxás ou o pintor a nivel lingüístico, xa que significaba introducirse na súa psicoloxía. No caso de Curuxás, por exemplo, tiven que construír a súa personalidade a partir do folclore, das lendas, que recollín sobre el. No caso do pintor (a ver, deixémonos de historias, é Urbano Lugrís) saíume un Lugrís bastante serio, pero é que estaba nun contexto no que non podía ser o bromista que era cos seus amigos. Aí é onde entran as decisións sobre os límites da novela, por exemplo.

No caso de Camilo, efectivamente permite trasladar a *O Exército de fume* o conflito vivido no interior da guerrilla galega coa intervención máis decisiva do Partido Comunista (que, na realidade, sucedería anos despois do tempo da novela). O que me interesaba era a confrontación entre un modelo de resistencia dun carácter fortemente popular, e que se baseaba en determinado tipo de relacións, en determinado tipo de límites e accións, a outro xa baseado na disciplina dunha organización. Ese é un relato que pasou nesa época pero que sucede continuamente en Galicia, no activismo cultural e político, mesmo no día de hoxe. A organización máis disciplinada da guerrilla por parte do Partido Comunista era un paso lóxico, pero en certo xeito tamén foi un punto de ruptura, ao meu ver, nesa estreita relación entre unha parte do apoio popular e a guerrilla. A miña novela explora a idea de resistencia, pero tamén a de resiliencia. A dos apoios que van por abaixo, a dos lazos e das ideas compartidas que non se

expresan en voz alta, a capacidade de sobrevivir e adaptarse. Introducir o conflito político na guerrilla era, neste sentido, un aspecto lóxico para traballar literariamente estas ideas.

No terceiro ten que ver coas fontes. Aparte de paparme boa parte da bibliografía sobre a época, a guerrilla no país e a II Guerra Mundial en Galicia, hemerotecas, acudín e botei man de numerosas fontes orais, porque me interesaba como eses feitos se podían verbalizar, dicir. Ese é un traballo no que por unha banda procuras esas fontes vivas, e por outra banda, acaban por callar centos de conversas mantidas por todo o país, moitas veces buscando cousas distintas: alí me deixaran referencias á guerrilla, á resistencia, á represión. Nas miñas novelas sempre hai un momento no que determinadas memorias persoais cobran un sentido unitario que antes non tiñan. As novelas xorden de aí.

Un aspecto importante neste sentido é parte do traballo de construción da novela. Case todas estas historias, na súa época real, foron moi confusas, deliberadamente discretas ou directamente secretas. Todo sucedía por atrás. Un dos aspectos máis interesantes do traballo das personaxes da novela foi xogar cos estereotipos que pode agardar o lectorado. Por exemplo, en *O exército de fume* hai dúas personaxes que parecerían calcadas dos estereotipos das películas sobre espionaxe e II Guerra Mundial: o alemán psicópata, Karl Brendinger, e a elegante espía británica, Annabella Duncan. Sen embargo, esas dúas personaxes -con outros nomes- existiron na Galicia do ano 1942 e foron moi, moi parecidas ás personaxes da novela.

Unha das sorpresas do proceso de documentación -e tamén agora, xa cando o libro está nas librarías- está a ser a descuberta da impresionante escala da resistencia no rural galego durante os anos 40. Podo parecer un entusiasta, ou un flipado, ou pode dar a impresión de que o que estou é vendendo a novela, pero se non fose así non o diría. A verdade é que eu mesmo estou impresionando. Ademais, agora as lectoras cóntanme historias familiares que incrementan a miña impresión de que era un fenómeno moito máis amplo do que a xente pensa.

Aos guerrilleiros non se lles apoiaba unicamente de maneira pasiva (deixar unha cama para durmir, dar de comer) senón de maneira activa (dicir a que hora ía pasar o falanxista polo camiño, por exemplo). E tiñan moitos, pero moitos apoios. A investigación foi cara obxectos de estudo concretos (guerrilleiros, federacións, etc.) pero apreixar esta axuda colectiva, silente, anónima, é difícilísimo e se cadra dependa máis dos antropólogos que dos historiadores. A miña conclusión desta viaxe é que esa resistencia difusa debера ser un dos nosos orgullos colectivos. Pero é posible que se esqueza no tempo sen que se teña entendido na súa total dimensión. Por iso neste libro está moi presente.

Lionel Rexes, Marcos Calveiro, Xavier Quiroga e Fran P. Lorenzo. Son só algúns dos autores que se achegaron recentemente través da novela á II Guerra Mundial en Galicia. (O primeiro falando da guerrilla, ademais, en concreto). Penso que se produciu un aumento de interese cara ao tema nos últimos anos. A que cres que se debe? Como xorde no teu caso? (Penso tamén no documental de Paula Cons sobre o wolframio, tema do que escribira tamén Víctor Freixanes, por exemplo).

O sorprendente de Galicia é que realmente non houbera novelas sobre a II Guerra Mundial antes, do mesmo xeito que acontece nas outras literaturas europeas, tendo en conta o impacto que a guerra tivo no noso territorio (obviamente, non comparable a unha ocupación, ou a unha participación bélica directa). A miña hipótese sobre isto é que os escritores traballamos moitas veces nas fronteiras liminais da memoria, sexa esta persoal, familiar ou colectiva. E para os autores que andamos nos corenta anos na actualidade, a II Guerra Mundial son os nosos avós, son esa liña na que ás veces se esborrallan os recordos familiares, entre os anos 30 ou 40. As

persoas temos paixón por encaixar as pequenas historias nas grandes historias, e dese xogo entre o familiar, o colectivo e o imaxinario cultural actual se procede a esa química.

Eu son do Barbanza, e alí a presenza da II Guerra Mundial foi moi intensa. En Ribeira había un destacamento militar alemán e os descendentes de algúns dos soldados seguen a vivir na comarca, son parte de nós. Cóntase moitas historias, e non necesariamente de wolframio, que é a “historia descoñecida máis coñecida” deste país, e cálanse aínda moitas máis. No Barbanza, nalgúns castros, os alemáns ‘convertéronse’ nos mouros. Nas lendas que se contaban na miña casa, tamén aparecían deste xeito, subindo á serra e roubando grandes pedras de seixo.

Esta dimensión lendaria dos alemáns é no meu caso tamén unha das miñas motivacións para escoller esta época. No fondo está a obsesión cultural galega polo Outro, polo que non é coma nós. Pódese interpretar boa parte da nosa tradición cultural dese xeito. Eu teño a teoría de que no interese actual que hai sobre a II Guerra Mundial en Galicia está a modernización dese mito. En certo xeito, estas son historias de mouros: os nazis son seres perigosos, con cartos e poder, que tentan aos labregos, que están vinculados ao subterráneo (wolframio), dotados de simboloxía e dun discurso misterioso. As sociedades non abandonan o folclore cando deixan o sacho. Lévanos con elas, pero moitas veces camuflado. Proben a ler *O exército de fume* como unha historia de enfrontamento entre labregos e mouros e igual levan unha sorpresa.

Queda claro no teu libro (como tamén no documental de Paula Cons ou no ensaio de Emilio Grandío), que a postura de Franco na II Guerra foi apoiar aos nazis sen cabrear demais os ingleses. Non comeza a virar ata ben avanzada a guerra. A historia que ti escolles é, principalmente, a dos submarinos. Por algunha razón especial? (Quiroga escollera unha historia de grande potencia literaria, o posible paso de Hitler por Galicia na súa suposta fuxida...)

Si, como dicía antes, no Barbanza, e en Galicia, o impacto da II Guerra Mundial non só tivo que ver cos recursos mineiros, senón en gran medida pola posición marítima estratéxica. Un dos meus primeiros recordos é o meu avó materno contándome, na cama, historias de submarinos alemáns, e miña avoa berrándolle por ‘embaballar ao meniño’. Tamén a el, cun colega seu, fálame dos avións alemáns, e dos barcos, e dalgunhas aventuras estrañas as que aínda lles estou dando voltas, por saber canto delas era un conto para nenos e canto realidade. Na miña familia paterna tamén teño historias desas, medio soterradas, de ir co barco a alta mar a levarlle subministros aos submarinos nazis. A escena do pesqueiro San Roque, contada no libro, como un pesqueiro navegando pola noite en alta mar para atoparse co submarino, é parte desa memoria familiar. Eran familias de mariñeiros republicanos -a un dos meus avós salvouno in extremis un amigo cando xa estaban para fusilalo no alto de Moldes, entre a Pobra do Caramiñal e Palmeira- que tiñan que sobrevivir no novo mundo como fora.

A escolla dos submarinos ten que ver co que te comentaba antes: estamos falando duns sucesos que, en gran medida, desapareceron no tempo, debido ao secreto co que se levaban; algúns deles consérvanse na tradición oral e outros son difíciles de solucionar. Por exemplo, a intelixencia británica describe nun informe a existencia dunha cova preto de Cariño (interpreto que debe ser unha furna) na que se gardaban os subministros para os submarinos. Que toda esta relación cos submarinos fose moi discreta e secreta levou a numerosas inexactitudes e lendas. E iso é interesante. Nunha novela (e mesmo tamén na historia) as lendas son moi relevantes, se se toman como iso, como lendas.

Parte do xermolo desta novela está tamén noutra lenda que eu recollín oralmente, pero que tamén figura en crónicas xornalísticas dos 80, ao redor dun ataque da guerrilla -apoiada polos

aliados- a un destacamento alemán de apoio loxístico aos submarinos ubicado na zona de Fisterra, con represalias posteriores dos alemáns ás familias dos guerrilleiros. Ten toda a traza de ser un conto, xa que non hai constancia, que eu saiba, dun equipo alemán na zona, nin tampouco dunha acción guerrilleira nese sentido, pero esa historia dun enfrontamento entre guerrilleiros galegos e nazis, a un amante do cine e literatura de xénero coma min, parecíame demasiado saborosa para non explorala literariamente.

A túa e, malia todo, é máis que nada unha novela de espías, (case de aventuras...). Quero dicir, que procura un formato, supoño, de literatura popular. Tamén polo estilo. E non sendo unha narración totalmente lineal. (Vai alternando as vidas dos distintos personaxes...). Pensáchela así, coma unha novela para todos os públicos? Por que? (Digo porque as principais editoras penso q están a apostar moito por iso ultimamente. Só hai q ver toda a novela policial/negra, que está a saír).

Si, é unha novela de guerra e de espías. Hai combates no mar, aéreos, sabotaxes, execucións e asasinatos, amor, odio, traizóns e bastante acción. Iso é o que busquei, iso é o que me apetecía facer. Quería escribir unha novela que fose moi entretida, con ritmo rápido, sen renunciar a que ese relato entrase -sen necesidade de facelo explícito- en aspectos un pouco escuros da nosa memoria colectiva. Eu creo que non hai unha única literatura, hai moitas literaturas, moitos xeitos de facer as cousas e de chegar á xente.

Eu estou interesado en chegar a moitos públicos, pero de maneira especial a ese que coñezo ben a partir de case vinte anos de xornalismo e divulgación dixital. Son persoas cultas que están/estamos absorbidos polo ritmo frenético, laboral e humano, das nosas sociedades, nas que e difícilísimo conciliar a vida laboral coa familiar e cun pouco de desenvolvemento persoal. Quero chegar a eses lectores interesados pola historia, a cultura e a identidade do país, pero que se desfán en anacos de cansanzo cando chegan á súa cama.

A estrutura de capítulos curtos, por exemplo, e de tramas que van saltando, está feita pensando nese lectorado. Así mo din eles. "Podo deixar a lectura sen cargo de conciencia", díxome un lector o outro día, e coido que define ben moitas cousas da nosa relación actual coa lectura. Quero facer literatura de calidade, que indague en aspectos ás veces incómodos da nosa identidade, pero adaptada para un lector do ano 2018. É un lectorado que o ten moi difícil, a nivel persoal, para poder ler todo o que lle gustaría. Eu quero estar aí con elas e eles. E quero que estean na literatura en galego.

Os personaxes arrastran as súas contradicións tamén. É interesante, ao respecto, o pai de Celia cos seus segredos, ou a incomodidade de Ramallo coa súa propia sona. (El sabe que é un medoso). Ao tempo, saen nos diálogos algúns dos debates que debeu ter a guerrilla... (Que me fixeron pensar no Curuxás de Cándido Pazó). De que maneira quixeches reflectir esas contradicións? (Moi ben tratadas, por certo, no libro de Lionel)

Os tres protagonistas da novela, a mestra Celia Pardo, o guerrilleiro Ramallo e o pintor Urbano Lugrís teñen algo aparentemente en común, malia non coñecérense entre eles. Todos teñen unha fenda no seu pasado, unha débeda, unha creba. Ás veces esa fractura parece menor e resulta determinante, outras veces ese pasado é aínda peor do que parece. O que provoca a guerra neses momentos é unha aceleración das súas vidas, da forma en como resollen e se enfrontan, conscientemente ou non, ao seu pasado. Son esas fracturas, por certo, as que as conectan coas personaxes secundarias, como Emilio Pardo. A fractura, moitas veces, está sen cicatrizar nas persoas que os rodean.

Interésanme as personaxes contraditorias. Abúrrenme as personaxes que son lineais cando é posible facelas doutro xeito, porque sempre teño a sensación de que detrás delas hai un propósito catequizador, e odio iso na literatura. Ademais, eu non tiña dúbidas de que cando escribía a historia de toda esta xente, estaba a falar de heroes e heroínas, de Celia a Charo, pasando por Regos e Ramallo. Desde a propia antigüidade, os relatos de heroes sempre se caracterizan porque os heroes non son perfectos coma os deuses. Os heroes teñen defectos, problemas, circunstancias, vulnerabilidades. Aquiles ten un talón, Cúchulainn ten as géasa ou os xuramentos que creba. A contradición, a problemática, o defecto ademais é sempre ambivalente. Carmela Figueiras, que na novela é o enlace máis importante da guerrilla no interior da provincia da Coruña, sabe que o medo de Ramallo é unha virtude no mundo no que vive. Se cadra, noutras circunstancias, ese medo sería un gran problema, ata o punto de que Ramallo deixaría de ser un heroe. Interésame iso.

Entendo que non é un libro de Historia nin unha crónica xornalística, mais hai algúns detalles que, como lectora, non me acababan de encaixar... Por exemplo, o apoio case que sen fisuras da poboación galega á guerrilla. Os historiadores están de acordo en que a guerrilla non tería durado nin dous días sen iso mais..., a represión sobre os "guerrilleiros de chaira" foi brutal e iso tamén provocou que lles pechasen portas aos guerrilleiros. Non sei se iso está moi representado na novela...

Si, pero a represión e a presión brutal sobre a guerrilla produciuse algúns anos despois do 42. É cando remata a II Guerra Mundial e o réxime se consolida internacionalmente cando Franco decide acabar coa guerrilla botando man do que faga falta. Trae coroneis especializados, e moi despiadados, despraza moitos efectivos e cantidades de diñeiro para subornos, conseguen introducir espías na guerrilla e comeza a cacería, as delacións, etc. O panorama no ano 42 é notablemente distinto, moito máis favorable á guerrilla, con moito apoio popular.

É abraiante que despois dunha represión brutal de miles de mortos na Guerra Civil, a xente estivese disposta a soste e apoiar aínda aos que estaban no monte. Non só os fuxidos, senón os outros. Os xusticeiros. Ou se cadra foi por iso mesmo. Tanto nos estudos como no que me contaron as fontes orais, hai unha estampa que explica o apoio social da guerrilla: a dos bailes e festas, nas que dunha banda do campo da festa está a parella da Garda civil e da outra están os guerrilleiros. Alí están mirándose mutuamente e sen atacarse, porque a Garda civil sabe que non ten forza nin apoios. Poderíamos enriquecer máis a trama no ámbito do apoio popular á resistencia, pero o libro xa se escapaba totalmente.

Agora ben, no que comentas, hai algo moi interesante. A maior parte dos relatos ao redor da guerrilla fan énfase, sobre todo, nas súas caídas. É un pouco o da primeira pregunta. Ese gusto noso pola derrota, alí onde os bos e os malos se definen con claridade e consenso. A min interesábame máis ben o feito de que esta xente fíxolle fronte durante moitos anos a un exército e a un poder que acababa de vencer unha guerra. Quería contar a historia non da súa caída, senón do momento no que estaba operativa, que era temida e que cometía numerosas accións contra ese poder. Quero contarllos, por exemplo, ás novas xeracións. Caeron case todos, claro. Pero o abraiante foi o tempo que resistiron e o que foron capaces de facer.

No mesmo sentido, penso que tratas de facer xustiza á memoria das mulleres da guerrilla (seguindo o investigado por Aurora Marco, quizais). É así? Por que? En relación con iso, por que escolles contar a historia, en boa medida, a través dun personaxe da posición social de Celia? (Que dalgunha maneira responde a motivacións alleas a ela e non acaba de entender o que pasa).

O traballo de Aurora Marco é moi importante non só pola historia das mulleres, senón porque nos desvela como facendo preguntas diferentes sobre a resistencia, de súpeto se nos abre un mundo moito mais amplo que o dos propios guerrilleiros. É dicir, non só é unha cuestión de xustiza ao redor do papel da guerrilla, senón tamén é unha reclamación para comprender que ás veces os focos, os méritos e as forzas, non só están nun lugar. Póñoche un caso menor pero que ten que ver coas preguntas. É impresionante a relación entre os guerrilleiros e os castros. Teño recollido varias historias ao redor de como tanto fuxidos como guerrilleiros empregaban os castros como lugares non só de control do contorno, senón tamén aproveitando as condicións de fácil fuxida que teñen moitos deles. Só cando se cambia o foco se obteñen respostas novas que complementan o coñecemento anterior.

A incorporación das mulleres da resistencia á novela foi basicamente natural. Non podo (nin eu nin ninguén) entender este fenómeno sen o papel das mulleres, tanto no apoio loxístico como enlaces como directamente no combate e na acción guerrilleira, como se deu nalgúns casos. Pero as guerrilleiras teñen un punto fascinante obvio: ata certo punto, na cultura da época, que os homes subisen ao monte podía ser lóxico. O realmente interesante (e dramático) acontecía cando as mulleres quixeron ou tiveron que facelo. Alí é onde o mundo se creba, onde se dan numerosos dramas familiares, de identidade, de relacións de amor, de problemas dentro dos propios grupos guerrilleiros. Son un factor disruptivo. Na casa lemos con devoción as historias de moitas delas. Son historias tan atravesadas pola dor que non deixan indiferente.

Partir no relato de Celia, unha moza burguesa, permitíame moitas cousas. En primeiro lugar, pasar da resistencia á espionaxe, que son cousas distintas. Se a resistencia está sobre todo (aínda que non só) baseada nesa rede popular, de aldea en aldea, a espionaxe dos aliados (igual que a actual) pasa por capilarizarse entre diferentes estratos da sociedade, e está moi presente alí onde se podía obter información de valor sobre a política de Franco, é dicir, na clase alta. Celia permitíame operar coa outra banda da historia, alí onde os aliados teñen redes que proceden mesmo de épocas anteriores á guerra. Con Celia podía prestar atención a outras canles de comunicación a partir dunha personaxe que vai medrando ao longo da novela.

Como novela de vocación "popular", algo ten de "rosa", a través do personaxe de Celia. Mais máis interesante que a súa descuberta (un pouco clasista) do amor, é a súa evolución como persoa. Aprendendo de mulleres da clase traballadora, mesmo de dereitas e relixiosas, moito máis libres ca ela. Podes explicar o que representa este personaxe en relación con iso?

Este é un tema moi interesante. Sen dúbida ningunha, Celia é a personaxe que máis evoluciona dentro da novela. É moi noviña e ten idade para poder cambiar, é moi intelixente e perspicaz e os feitos traumáticos do seu pasado pero tamén do presente, aceleran a súa agudeza. Aínda que non sabemos que pasa con case todas personaxes da novela despois dos feitos, no caso de Celia demóstrase que vai ser a que siga disposta a loitar, ao seu xeito. O personaxe de Celia é moi importante para min, porque procede dunha sorpresa. Ás veces teño entrevistado a anciáns e anciás de clase alta do país que viviron a Guerra Civil. O meu pasmo era escoitalos: parece que falaban da Guerra coma nun balneario.

Esa época coincidía coa súa mocidade, e o que lembraban eran as festas, as verbenas, os deportes, as amizades, as excursións! Eran de dereitas e crían de corazón que se esta formando unha "España nueva". Un rapaz que estivo destacado en Ávila coa Lexión Cóndor, por exemplo, falábame marabillas de aqueles alemáns e das esmorgas. Cando eu intentaba aproximarme ao tema da represión era onde lles descubría un pouco a trampa. Fuxían do tema, ou despachábanos de contado, e volvían á súa burbulla irreal. Aí dábaste conta de que neles tamén operaba un

drama interno ao respecto. Pero eran unhas memorias tan distintas ás da miña familia, ás dos meus, tan cheas de dor e medo!

O que quero dicir é que a personaxe de Celia, aínda que non é unha entusiasta do fascismo da nova España, non ten excesivas dificultades porque foi educada nunha especie de mundo paralelo, e incluso durante a Guerra, internada nunha escola na que non percibía nada diso. E non só: ás señoritas da época non se lles falaban destes temas. Ás señoritas da época tratábanas como figuras infantilizadas, como ben sabemos, con fins moi determinados na vida. Por suposto que era clasista, aínda que fose de xeito inconsciente.

Era dificilmente concibible un amor entre ela e un canteiro. Pero é que tamén é posible que se os pais de Brais de Brantuas se enterasen das súas querenzas pola mestra tamén lle darían a el coa legoña no lombo, porque había que casar traendo terras. É só cando sae do seu mundo cando as cousas comezan a suceder. Porque ao saír do universo de control do pai e do seu mundo é cando ela comeza a construír o seu, aínda que sexa ás atoutiñadas. E atoparse con mulleres fortes provoca nela un gran cambio. Decátase de que mesmo en marxes estreitas hai oportunidades.

Esa mesma non sei se distancia coa historia prodúcena tamén os personaxes dos militares alemáns, que están convencidos de estar a facer o correcto, o que facilita que o lector empátice, tamén, con eles. O que quero dicir é que (hai que ter en conta tamén que a novela acaba no 42), penso que se destaca bastante como a Historia arrastrou os personaxes (como lle pasa ao pintor de mares para os nazis). Como se tentase evitar un certo maniqueísmo (malia estar claro de que lado está o narrador). Pensaches niso así? Por que?

Un dos temas ao que lle din máis voltas na confección da novela era a representación dos alemáns. Hai uns cantos na novela e todos son bastante distintos entre si. A primeira cuestión, moi importante, era decatarse de que o nazi creado polo cine e a literatura actual, ese nazi de despois de Auschwitz e o Holocausto, non é o nazi que os galegos e galegas do ano 42 coñecen. Para empezar, aquí non son nazis, son alemáns. E son educados, pacíficos, veñen facer negocios, teñen cartos, son cultos, aseados e por enriba hai un universo de propaganda, moi ben feito, moi moderno, que os presenta como os salvadores do mundo. Están asentados xa desde ben antes da guerra en núcleos como Vigo e forman parte da súa vida social. Todo iso é moi importante, por exemplo, á hora de entender o papel de Ligrís na relación con eles. Só os superviventes moi politizados, ou a xente moi, moi informada, sabe o que pode haber detrás deses estranxeiros ben traxados. E nin sequera eles o saben todo.

O segundo é o feito de que a novela non pasa en Berlín nin na fronte rusa. Para un oficial de intelixencia alemán, durante a guerra, este é un destino apracible. Si, teñen que facer homenaxes ao Führer no consulado, controlar os espías británicos, andar no contrabando de mineral, etc. Pero non está sometido a tensións, e as decisións son relativamente pouco conflitivas, ou marcadas polo estrés. Non tería sentido presentar uns alemáns ultraperversos ou moi radicalizados pola guerra. A cousa non era así. Sabémolo ademais polos soldados da Kriegsmarine que pasaron parte da guerra no Arsenal de Ferrol, ou cousas similar. Aquí é todo máis técnico que ideolóxico. A ideoloxía está, de algún xeito, en Berlín, moito máis controlada polo aparato do Partido. Aínda que o Partido nazi está en Galicia neses momentos, e sábeo todo da comunidade alemá, non é o mesmo que no medio da guerra.

Estes días abordoume unha lectora que estaba vinculada ás axencias de viaxes do país nos anos 80. E falábame de como, nese momento, coincidindo coa xubilación, viñan numerosos alemáns a Galicia para atoparse coa terra na que estiveran durante a guerra. Querían, coma o capitán do

U-966 afundido na ría de Ortigueira, manter vínculos con aquela terra que os acolleu no seu momento. Era unha relación emocional. O outro aspecto é a percepción por parte dos galegos, que acababan de saír dunha guerra terrible.

Supoño que a posición de moita xente, a diferenza do que pasaba na Galicia da I Guerra Mundial, era que lles daba exactamente o mesmo quen gañase. Xa lles daba igual todo, agás tentar saír para adiante. Un fenómeno tremendo, moi pouco coñecido, e que apenas esbocei na novela, era o dos pesqueiros galegos que ían a Terranova. Os nosos paisanos estaban metidos no medio daquel mar, pescando, no medio e medio da guerra mundial, co mar inzado de submarinos e destrutores! Un certo número deles foron afundidos, ás veces por aliados, ás veces por alemáns. É unha historia bastante escura e confusa, pero que encaixa nas motivacións dalgunhas das personaxes da novela.

Tamén a túa novela anterior tiña algo de novela histórica, de novela negra, da historia convertida en lenda popular... Cal é a conexión entre os dous libros, ao respecto?

Pois eses que enumeras! Pero ademais diso, quería resaltar unha outra cousa. Hai nas dúas novelas a mesma querenza: a de presentar unhas clases populares galegas activas, con capacidade de acción. Non son uns sufrintes, uns mártires. Son xente que é capaz de enfrontarse a problemas terribles, con solucións enxeñosas. Que ás veces perden, ás veces gañan, e outras veces non sabes se perden ou gañan. Non son santos, nin malvados. Son superviventes. Ese é o mundo que eu quero representar, a través dunha literatura con códigos modernos. O mundo da miña xente, un mundo do que eu veño.